



III – O RECANTO, O DOSIER E O MURAL DO PROXECTO: tomando as primeiras decisións operativas

Unha vez temos decidido o tema sobre o que imos investigar no noso proxecto de traballo, chega o momento de tomar unha serie de decisións:

Xa temos tema... e agora?

Sesión 3


Unha vez teñamos elixido o tema do noso proxecto deberemos plantexarnos que recursos imos precisar. Polo xeral deberiamos ter en conta o seguinte...

Imos precisar un **recanto** na nosa aula (e/ou virtual na web) onde ir organizando a información que se vaia xuntando das diferentes fontes.

Teremos que ter un lugar onde **deixar constancia dos coñecementos previos, e das preguntas que xurdan, da organización.....** que deberá estar sempre á vista. Os **murais** soen funcionar ben neste senso.

Elaboraremos Dossier individual? De que tipo?

Que imos facer ó rematar a investigación: mural, documental, web, exposición...



P.F.P.P. - SEMINARIO
proxectos de traballo e investigación

C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño - curso 2013/2014<http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino>

Todas estas decisións *deberían ser tomadas sempre tendo en conta as opinións e ideas do grupo de alumnos/as*, xa que incluso nese momento de decisión estarán a traballar diferentes aspectos relacionados coas competencias básicas como pode ser organizarse, chegar a acordos, argumentar de forma coherente as ideas, elaborar esquemas...

1.- O recanto do proxecto:

É recomendable contar na aula cun recanto destinado unicamente ó proxecto porque:

- serve como lugar onde ter organizada a **información que vamos xuntando ó longo do proceso**
- poden ser recantos virtuais nunha web onde ir xuntando, ligazóns, vídeos....
- permite telo presente na aula como centro motivante para o alumnado
- permite que sexa consultado polo alumnado durante os momentos nos que non se está a traballar directamente co proxecto (pero si se está a aprender)
- mantén a motivación polo tema a investigar.
- será un referente para futuros proxectos que poidan xurdir.
- precisa acordar e elaborar categorías para organizar a información.
- precisa acordar e elaborar unhas normas para o uso deste recanto.

Resulta moi interesante que o alumnado participe activamente na creación do recanto así como na súa planificación, decoración, organización, creación de normas...



2.- O "mural" do proxecto:

Ademais de contar cun espazo na aula para o noso proxecto, deberemos atopar algún modo de que os participantes no mesmo *sexan conscientes durante o desenvolvemento do mesmo da fase do proxecto na que se atopan* (que sabemos, que queremos saber...), e tamén que poidan *ter acceso tanto ós coñecementos previos do grupo, ás preguntas plantexadas e a todo o contido que se desenvolva en cada unha das fases.*

O feito de que o alumnado sexa capaz de localizarse en todo momento nunha fase concreta do proxecto, permite que vaia interiorizando a estrutura e secuencia do método científico ademais de traballar aspectos relacionado coa orde e organización.

Permitir que teñan ó seu alcance os coñecementos previos, as preguntas e toda a información relacionada coa investigación, permitirá que sexa consciente do seu proceso de aprendizaxe á vez que lle dará a opción de volver atrás en todo momento para reflexionar sobre o que sabía (ou non sabía) e o que acaba de descubrir, reorganizando os seus esquemas cognitivos cos novos coñecementos dando lugar a verdadeiros aprendizaxes significativos.

Para estas dúas finalidades poden empregarse multitude de técnicas, pero soe ser moi cómodo e eficaz empregar o "**mural da investigación**", onde ir deixando constancia dos pasos que se están dando, daqueles que se deron e dos que aínda quedan pendentes. Bastaría con distribuír nun mural o espazo, asignándolle unha parte do mesmo a cada unha das diferentes etapas polas que se irá pasando.

Este mural debería estar sempre presente na aula e á disposición do alumnado para a súa consulta en calquera momento.

Ademais tamén nos poderá servir como lugar onde ir engadindo os resultados das diferentes investigacións.

En todo caso o mural sería un produto máis que obteremos ó final xunto a todos aqueles que se deseñen ó longo da investigación.

3.- O dossier individual:

Ademais das dúas ferramentas grupais indicadas anteriormente (mural e recanto), resulta tamén moi interesante que cada alumno elabore o seu dossier individual da investigación. Neste dossier plasmará todo o proceso que levou a cabo na súa investigación (desde a toma de decisión sobre o tema, as ideas previas do grupo, as preguntas... ata o resultado final).

A elaboración deste dossier permite complementar o traballo eminentemente grupal, que se leva a cabo durante todo proxecto, con traballo de carácter individual que lle permitirá reflexionar e asentar o aprendido a través da plasmación por escrito dos novos coñecementos.

Este **dossier individual** podería levarse a cabo, alomenos, de dúas formas:

- Paralelamente ó proxecto: á vez que se desenvolve o proxecto o alumno vai elaborando o seu dossier individual. Trátase dun proceso máis guiado (en canto a organización e estrutura do dossier) especialmente indicado para o alumnado de menor idade.
- Unha vez rematado proxecto: cando se remata a investigación, cada alumno reflexiona sobre todo o proceso, organiza os resultados e plásmalos de forma coherente nun dossier final. Neste caso é preciso que o alumnado teña unha maior idade que lle permita levar a cabo este tipo de traballos de organización.



PROXECTO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

SEMINARIO “Proxectos de traballo” - C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño | curso 2013-2014

Licenza creative commons: cc-by-sa



(acorde ó indicado na resolución do 11 de xuño de 2013 pola que se convocan os P.F.P.P.)